



XUNTA DE GALICIA

Presidente

Alberto Núñez Feijóo

Santiago de Compostela, 19 de decembro de 2011

Sr. D. Manuel Vázquez Fernández
Presidente do Grupo Parlamentario Socialista
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n
15702 Santiago de Compostela

Estimado Manuel Vázquez:

A loita contra o paro e o apoio aos nosos sectores produtivos ten sido unha prioridade básica do Goberno galego desde a súa toma de posesión. E nese obxectivo, a vontade da Xunta de Galicia sempre foi a de chegar a acordos coas distintas forzas políticas e sociais para lograr o maior consenso posible nesta difícil tarefa.

Así se está a traballar no ámbito do Diálogo Social, onde xa se teñen asinado 24 acordos concretos con sindicatos e empresarios. Sería moi conveniente, pois, poder estender este consenso acadado no marco do Diálogo Social ao ámbito parlamentario.

Por iso agradézoche sinceramente a nova actitude de apertura ao pacto amosada na sesión de control celebrada na Cámara o pasado mércores e confirmada posteriormente na carta que me remites.

En relación coa proposta que me formulas, cómpre salientar que, como ben sabes, as emendas que modifican a contía global do estado de gastos e ingresos así como as que transfiren créditos entre seccións xa foron debatidas no Pleno do Parlamento o pasado 22 de novembro.

PAZO DE RAXOI

Teléfonos 981 544 915/916 - 981 545 845/827 • 15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA

EDIFICIO SAN CAETANO

Teléfonos 981 541 213/215/216 • Telefax 981 541 219 • 15704 SANTIAGO DE COMPOSTELA
e-Mail: secretaria.presidente@xunta.es



XUNTA DE GALICIA

Presidente

En consecuencia, e sen profundar agora nos sólidos argumentos que impediron aceptar no seu día as emendas do Grupo Socialista ás que fas referencia na túa carta, o relevante é que no momento actual de tramitación do proxecto de Lei de Orzamentos para 2012 só cabe aprobar emendas que transfiran créditos dentro da mesma sección, o que limita notablemente o alcance de calquera negociación.

En todo caso, na vontade de lograr acordos políticos que reforcen tanto o compromiso na loita contra a crise e o paro, como o cumprimento do déficit público e da Lei de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, agradeceríache que nos remitieses a concreción das medidas que contempla a túa proposta, as contías que se atribuirían para financiar cada unha delas, así como os cálculos realizados para estimar a creación de 20.000 empregos derivada da súa execución.

Comprométome a estudar e avaliar co maior interese e rigor a documentación que teñas a ben remitir, agardando que poida servir de base para acadar futuros acordos políticos que reforcen os xa asinados no ámbito do Diálogo Social.

Recibe un cordial saúdo.

Quedo a túa disposición.